

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia do mundo contemporáneo	1º Bac.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	23
9. Outros apartados	24

## 1. Introducción

A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social. O pensamento histórico, con estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves, coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos.

Os problemas e retos que nos formula a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples e ineludibles, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea, que desde hai algo máis de dous séculos trata de lle dar resposta a boa parte destes mesmos desafíos. A materia proporciona ao alumnado experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que xunto aos grandes logros, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso afrontar para aprender a evitar situacións semellantes.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga ao alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

O alumnado debe adquirir o exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado, do mesmo xeito que a transferencia de información e do coñecemento elaborado, que ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces.

Trátanse na materia de Historia do Mundo Contemporáneo os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI. Precisamente os retos do mundo actual incide na necesidade de ver a historia como un instrumento non só para a análise do presente, senón tamén para a adopción de compromisos ante os retos do século XXI.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais.	2		2		11	1-2-3	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal.	1-5				11-31-40	1-2-3		
OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.	3		1	5	12-31-40	2-3		
OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.	3-5				12-31	2-3		1-2
OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	3		5	1	20-40	3-4	1	
OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sostibilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos.			4-5		20-50	3-4	1-2	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	3-5			3	12-31-40	2-3		
OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia.	5		3	2	12-31-40	2-3		

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Crise do Antigo Réxime e inicio da contemporaneidade	Aboradaranse as propostas de cambio político no pensamento ilustrado, a crise do Antigo Réxime e os inicios do parlamentarismo con exemplos en Inglaterra e Estados Unidos. O inicio da contemporaneidade coa Revolución francesa. A organización política liberal: principios políticos e institucións. Imperio Napoleónico. Arte Rococó e Neoclasicismo.	11	18	X		
2	As transformacións económicas do s.XIX	Nesta unidade traballarase a renovación das estruturas agrarias. A Revolución Demográfica. A Revolución Industrial. Orixe e fases. Trazos definitorios do proceso de industrialización. Sectores punteiros da primeira fase da Revolución Industrial. A segunda fase da Revolución Industrial. Desenvolvemento do capitalismo liberal.	12	19	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	As transformacións económicas do s.XIX		12	19	X		
3	Vagas revolucionarias do s.XIX. Liberalismo e nacionalismo	Abordarase a Europa da Restauración. As revolucións liberais, ciclos revolucionarios de 1830 e 1848. O nacemento do nacionalismo, as unificacións de Italia e de Alemaña. Os sistemas políticos autoritarios e consolidación do liberalismo. A formación dos Estados Unidos. O Romanticismo.	11	19	X		
4	As transformacións sociais do s. XIX	Nesta unidade analizarase a sociedade de clases. A hexemonía social da burguesía. O desenvolvemento do proletariado como clase. O papel da muller dentro da sociedade traballadora do século XIX. Principais manifestacións do movemento obreiro, consolidación dos partidos obreiros e sindicatos. Os inicios do feminismo e o proceso de conquista do dereito ao voto. Manifestacións artísticas na segunda metade do s.XIX.	11	15		X	
5	O Imperialismo e a Primeira Guerra Mundial	Traballarase o oncepto de Imperialismo. Causas do fenómeno imperialista. O reparto do mundo entre as grandes potencias. Consecuencias do Imperialismo. Os factores que conduciron ao desencadeamento da guerra. Esquema das forzas enfrontadas e das fases do conflito. O legado político, económico e social da guerra. A Revolución rusa e a creación da URSS	11	16		X	
6	O mundo na época de Entreguerras e o auxe dos totalitarismos	Nesta unidade abordarase a evolución da economía capitalista: da prosperidade económica dos anos vinte á crise de 1929. A democracia como sistema político. Crise do sistema democrático. Os réximes políticos autoritarios: características. O comunismo soviético e os fascismos. Manifestacións artísticas.	11	15		X	
7	A Segunda Guerra Mundial	Traballaranse os factores que conduciron ao desencadeamento da guerra. Esquema das forzas enfrontadas e das fases do conflito. A organización da vitoria aliada. Consecuencias da Segunda Guerra Mundial. A Organización das Nacións Unidas.	17	20			X
8	Desenvolvemento económico e transformacións políticas no mundo desde 1945	Nesta unidade abordarase a división do mundo en bloques: A Guerra Fría. Reconstrución económica e política do mundo occidental. Formación e evolución dos países socialistas. Descolonización e neoimperialismo. A organización do Terceiro Mundo. A construción da Unión Europea. As perspectivas do mundo actual.	16	18			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Desenvolvemento económico e transformacións políticas no mundo desde 1945	Manifestacións artísticas na segunda metade do s.XX.	16	18			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Crise do Antigo Réxime e inicio da contemporaneidade	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Realiza o exercicio escrito cun nivel suficiente demostrando que sabe identificar o proceso de cambio e revolución representado pola Revolución Francesa e a Revolución americana	PE	80
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de comprender e explicar as diferentes etapas da Revolución Francesa, cos seus correspondientes protagonistas. Coñece as causas e as consecuencias da Revolución americana		
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	Comprende e distingue as principais características das revolucións francesa e americana a través da elaboración de textos baseados nos principais documentos de cada unha	TI	20
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de traballar con diferentes documentos e fontes históricas e de producir traballos de investigación histórica sobre a caída do Antigo réxime e o advenimiento dos ciclos revolucionarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado.

### Contidos

- A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción.
- A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios.

UD	Título da UD	Duración
2	As transformacións económicas do s.XIX	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Coñece de xeito axeitado as características principais do proceso de industrialización así como as aportacións principais do sector agrario. Coñece as características principais da transición demográfica	PE	80
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Coñece as principais características do liberalismo político e os trazos principais do novo sistema capitalista durante a industrialización		
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflictividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	É capaz de analizar e entender as condicións de vida na nova sociedade industrial, a súa conflictividade en relación co obrerismo. Realiza proxectos sobre a historia do movemento obreiro.	TI	20
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	É capaz de realizar proxectos de investigación sobre a evolución da poboación e o desenvolvemento urbano, entende os diferentes ciclos demográficos e exerce empatía hacia os grupos marxinados dunha sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.</li> <li>- Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxidados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea.</li> <li>- O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral.</li> <li>- Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</li> <li>- Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado.</li> <li>- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Vagas revolucionarias do s.XIX. Liberalismo e nacionalismo	19

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Coñece, de xeito básico, as vagas revolucionarias e as súas características principais. Recoñece as principais características políticas do nacionalismo. Coñece, de xeito básico, as causas e consecuencias dos procesos unificadores de Italia e Alemaña	PE	80
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	É capaz de definir e interpretar por medio de producións históricas propias e documentos históricos alleos como se produciu o avance desde o liberalismo cara á democracia e as características das vagas revolucionarias da primeira metade do XIX	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción.</li> <li>- O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea.</li> <li>- As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos.</li> <li>- Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva.</li> </ul>

## Contidos

- Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

UD	Título da UD	Duración
4	As transformacións sociais do s.XIX	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Coñece as características principais dos novos movementos sociais do século XIX e distingue uns de outros. Relaciona cada un dos movementos coas súas organizacións principais e os seus principais pensadores	PE	80
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflictividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	Coñece as características principais do proletariado e as súas reivindicacións principais ao longo do século XIX		
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de traballar con documentos históricos empregando conceptos e distintos métodos sobre a evolución das organizacións obreiras e do feminismo, as propostas revolucionarias e a súa consolidación.	TI	20
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Entende e valora os principais proxectos sociais, políticos e culturais como novos movementos sociais implicados na defensa dos dereitos sociais.		
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	Realiza ,con rigor histórico, traballos de investigación sobre as condicións de vida e traballo da muller, a conquista do dereito a voto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas.</li> <li>- Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes.</li> <li>- Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.</li> <li>- Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.</li> <li>- A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	O Imperialismo e a Primeira Guerra Mundial	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Coñece as principais causas e consecuencias da Primeira Guerra Mundial así como a formación dos bandos no conflito. Coñece as principais causas e consecuencias da Revolución rusa.	PE	80
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Avalía criticamente as principais causas e consecuencias do Imperialismo relacionándoo coa Primeira Guerra Mundial e con un conflito actual		
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	É capaz de distinguir e diferenciar a través de distintas fontes que impacto ten o colonialismo do século XIX na actualidade. É capaz de debatir sobre África onte e hoxe.	TI	20
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	É capaz de distinguir e analizar as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais a través do análise de producións históricas e tratamento de fontes historiográficas.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Identifica o exercicio dos valores cívicos e a participación cidadá. Analiza o nacemento dos réximes democráticos e totalitarios no século XX, a través de diferentes documentos históricos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización.</li> <li>- Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición.</li> <li>- Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.</li> <li>- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.</li> <li>- Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.</li> <li>- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	O mundo na época de Entreguerras e o auxe dos totalitarismos	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Coñece as principais características dos movementos totalitarios do mundo de Entreguerras e as súas causas e consecuencias máis importantes	PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Recoñece en textos históricos o totalitarismo soviético, o fascismo e o nazismo e as súas características principais.		
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	É capaz de responder satisfactoriamente á unha proba escrita sobre a situación do mundo despois da primeira guerra mundial: a crise do 29.		
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Interpreta por medio dun informe crítico sobre a represión e terror baixo o totalitarismo.		
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Debate sobre a intolerancia e tolerancia na historia do mundo contemporáneo a través de testemuñas de minorías perseguidas.	TI	20
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Analiza diferentes ritmos e modelos de crecemento, e ritmos e modelos de crise, sobre a gran depresión e a solución transitoria do New Deal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.</li> <li>- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.</li> <li>- Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.</li> <li>- Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial.</li> <li>- Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.</li> <li>- Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A Segunda Guerra Mundial	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Coñece as causas e consecuencias da Segunda Guerra Mundial así como os bandos en conflito	PE	80
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Recoñece en textos históricos quen son as principais vítimas da guerra: a poboación civil.		
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Recoñece por medio de diferentes fontes históricas como a barbarie e a destrución abriron as portas aos dereitos humanos.	TI	20
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Describe mediante producións bibliográficas e testemuñas da época que actitudes adoptou a poboación civil ante a ocupación nazi.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición.

### Contidos

- Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea.
- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.
- Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal.

UD	Título da UD	Duración
8	Desenvolvemento económico e transformacións políticas no mundo desde 1945	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Recoñece as principais diferencias entre mundo capitalista e o socialista e distingue as distintas etapas da Guerra Fría así como as características definitorias do período		
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Identifica e explica as principais causas e consecuencias da descolonización de Asia, África.	PE	80
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Distingue o non aliñamento enmarcado dentro da conferencia de Bandung e analiza a independencia e o neocolonialismo empregando conceptos e métodos propios do pensamento histórico.		
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construindo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Ser capaz de contestar nunha proba escrita de modo satisfactorio e suficiente ao proceso de construción da Unión Europea e os desafíos aos que se enfronta.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Distingue e compara por medio de fontes diversas históricas e actuais sobre cales son as superpotencias actuais e como exercen o seu poder, configurando a nova orde internacional.		
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Crítica e discusión por medio de textos históricos, fontes literarias, audiovisuais como exercen as superpotencias a súa influencia nestes últimos anos.		
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Discusión mediante diversas fontes actuais a que nos enfrontamos neste xa entrado século XXI e a que retos se enfronta o planeta e a sociedade como protagonistas indiscutibles.	TI	20
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Define os novos movementos sociais, o novo contexto socioeconómico, as ideoloxías alternativas buscando información valéndose das TIC.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI.</li> <li>- Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</li> <li>- Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.</li> <li>- Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación.</li> <li>- Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas.</li> <li>- Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.</li> <li>- Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento,</li> </ul>



## Contidos

- reparación e dignificación das vítimas da violencia.
- O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural.
- A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións.
- Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva.
- A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro.
- Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos.
- Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.
- Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.
- Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación.
- Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O noso desexo é fuxir da clase tradicional na que o profesor ou profesora explica e o alumnado asimila o transmitido sen facer ningunha análise crítica. Queremos un alumnado activo e, polo tanto, basearemos o noso método no sistema de reconstrución, é dicir, o alumnado elabora os contidos a partir de materiais de traballo (materiais proporcionados polo Departamento) nunha tarefa cotiá dirixida e orientada polo docente. A innovación, o deseño, a actividade, a creatividade son características a contemplar nos métodos que se aplican na aula escapando das clases exclusivamente expositivas e unidireccionais que non permiten coñecer as capacidades reais do alumnado, as súas habilidades, destrezas e intereses.

O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, e recreación de feitos, asembleas, poñerse "en situación de" .... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

Faremos uso de material complementario de carácter audiovisual: diapositivas, documentais, películas,.. Tamén empregaremos material procedente dos medios de comunicación (prensa, Internet), así como anuarios estatísticos e outras fontes. Ademais buscarase deseñar actividades que permitan reforzar destrezas propias da nosa materia (definición de conceptos, sinalar causas e consecuencias dun determinado feito, esquematizar ou resumir a información dun texto, facer e/ou interpretar de forma sinxela documentos históricos ou xeográficos (liñas de tempo, mapas históricos, mapas xeográficos, fotografías de distintos paisaxes, climogramas, ...).

Partimos da idea de que esta materia pode axudarnos a comprender os diferentes problemas espaciais, e utilizarémola como unha ferramenta que nos permita facer ver ao alumnado as inxustizas sociais, as tremendas desigualdades existentes, así como a admirar e valorar as paisaxes, a entender as propostas de persoas alleas a eles, etc.. Procuraremos levar á aula a preocupación polos problemas relacionados co medio ambiente, facendo partícipes a alumnos e alumnas desa preocupación.

Buscaremos a maneira de que identifiquen a conexión entre a situación actual e a insolidariedade e o egoísmo do chamado primeiro mundo. Trataremos de facerlles ver a necesidade de cambiar de actitude para frear o perigo que corre o noso planeta.

Esta aproximación tamén pretende que o alumnado acade un coñecemento do pasado máis entroncado co seu presente, así como que logre posuír unha visión xeral dos aspectos máis salientables da época actual. Farase un labor de construción por medio da utilización de materiais ou fontes sinxelas que procederán do material elaborado polo Departamento que terán á súa disposición a través da Aula Virtual da materia. Sempre intentará facerse referencia á realidade máis próxima ao alumnado, e se é posible tratarase de poñelo en contacto con esa realidade para dese xeito conseguir un achegamento á mesma e unha mellor comprensión do proceso histórico.

Un complemento ao traballo na aula virá dado pola posibilidade de que o alumnado presente pequenos traballos de

investigación, individual ou colectivamente (pequeno ou gran grupo). O obxectivo sería que o alumnado puidera poñer en práctica técnicas e procedementos de investigación característicos das Ciencias Sociais. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos e unha maior interacción na aula.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos do docente
Aula Virtual do Centro
Caderno ou cartafol de traballo
Fichas fotocopiáveis
Materiais informáticos
Material audiovisual
Mapas históricos
Prensa
Correo electrónico corporativo, Google Drive e plataforma Abalar
Novelas históricas, gráficas ou xogos
Material funxible
Cine ou documentais

Na actualidade contamos cunha grande diversidade de recursos pedagóxicos para cada momento didáctico e metodoloxía . Utilízase material elaborado polo profesorado como "libro de texto" e material complementario que se acomode á diversidade que se presente na aula. Así mesmo o profesorado pode dispor da Aula Virtual para programar e deseñar traballos e actividades avaliábeis (visualizar vídeos, realizar tarefas interactivas...) que poden realizarse e entregarse a través da plataforma, que será ademais un medio idóneo para que o alumnado se comunique co profesorado, consulte dúbidas, obteña aclaracións, etc.

No curso de 1º de bacharelato faise referencia continua aos distintos procesos de transformación tecnolóxica coas súas causas e consecuencias, boas e malas. Parece pois axeitado introducir unha valoración crítica respecto das tecnoloxías, os cambios que provocan e as súas consecuencias positivas e negativas. As ferramentas vencelladas as Tecnoloxías da Información e da Comunicación son hoxe necesarias pero tamén logo debemos analizar a súa idoneidade e ser selectivos no seu emprego para transmitir ao alumnado esa máis que necesaria educación no seu uso responsable. Malia que estamos nun momento moi tecnolóxico non se poden descartar os traballos de carácter manual, elaborados con material funxible, como os pósteres ou murais temáticos xa que é importante que o alumnado planifique, deseñe e constrúa co fin de que desenvolva as súas destrezas e a súa proactividade.

As novelas, cine e xogos que traten algún dos aspectos do currículo da materia son un material atractivo para afondar e comprender os contidos. Estes poden ser traballados na súa totalidade ou parcialmente segundo a organización e dispoñibilidade temporal.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nos primeiros días de clase realizarase unha Avaliación Inicial destinada a valorar os coñecementos previos e as competencias do alumnado que pode constar dos seguintes apartados:

- Definición de conceptos básicos relacionados coa materia, resposta a preguntas curtas para valorar a expresión escrita, a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.
- Elaboración de sínteses ou esquemas, mapas conceptuais..., comentario guiado de gráficos, imaxes, mapas... que permitan coñecer se os alumnos e alumnas dominan os procedementos básicos da nosa área.

Nas reunións de Avaliación Inicial programadas no Centro, trataranse os casos do alumnado ao que se lle detecte carencias básicas para tomar as medidas oportunas na Xunta avaliadora. Ademais, na parte que corresponde ao noso Departamento, os resultados de dita proba poderán orientarnos cara ao establecemento das estratexias de aprendizaxe e a realización das actividades de reforzo máis axeitadas a cada alumno/a.

Por último, puntualizar que estas probas iniciais non teñen por que ser valoradas numericamente, xa que non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>12</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	80	80	80	80	80	80	80	80	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	20	20	20	20	20	20	20	20	<b>20</b>

### Criterios de cualificación:

A Avaliación do curso establécese segundo uns instrumentos de avaliación que diferencian probas escritas e táboa de indicadores, resultando que as probas escritas terán un valor do 80% e o as táboas de indicadores un 20%.

Probas escritas

- Sempre que o permita a dinámica e temporalización do curso realizaranse en cada Avaliación dúas probas escritas (1ª e 2ª Parcial). Ditas probas suporán o 80% da cualificación e poderán constar de diversos conceptos que o alumnado terá que definir de forma precisa, realización de esquemas, sínteses, cadros comparativos, desenvolvemento de temas relacionados coa materia estudada, comentario guiado dun documento histórico (texto, mapa, gráfico, imaxe...) por medio de cuestións referidas ao mesmo

Táboa de indicadores

- En cada Avaliación valorarase cun 20% da nota o traballo realizado na casa (facer as actividades no prazo e forma establecidos), o traballo cotián na aula (realización e corrección das actividades, seguimento das explicacións, participación activa positiva...) e a posible realización de distintas actividades de investigación individuais ou en grupo

que deberán ser entregadas seguindo as pautas e o prazo indicados polo docente.

Para a corrección destes traballos poden empregarse rúbricas adaptadas a cada tarefa.

A valoración obtida mediante os instrumentos anteriores permitirá coñecer a cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso

- A nota da Avaliación será o resultado de:

Nota avaliación =  $[(\text{Media Ex.} \times 80) + (\text{Media T.I.} \times 20)] / 100$ .

A valoración obtida mediante o seguimento dos instrumentos anteriores permitirá coñecer a cualificación do

alumno/a en cada trimestre do curso. A Avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa de 5 puntos ou superior. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación

- Para a cualificación final de curso terase en conta o peso porcentual ou ponderado que se aplicou ás unidades de cada Avaliación, polo tanto será o resultado da media ponderada segundo o peso asignado a cada avaliación nesta programación:

Nota final= [(Nota 1ª aval. x 34) + (Nota 2ª aval. x 33) + (Nota 3ª aval. x 33)] / 100.

O alumnado que teñan unha nota media de 5 puntos ou superior terán superada a materia. O alumnado que non alcance esa nota media seguirá as pautas marcadas nos criterios de recuperación

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que teñan unha Avaliación suspensa deberá presentarse a unha Proba de recuperación que repasará os contidos de dita Avaliación. Para preparar dita proba poderá contar con material de apoio e reforzo que lles facilitará o profesorado. A nota da recuperación obterase calculando a media entre a nota inicial da Avaliación e a nota da Proba escrita da recuperación.

O período abranguido entre a Avaliación Final Ordinaria e a Avaliación Extraordinaria dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Neste tempo, prestarase especial atención aos alumnos e ás alumnas que teñan a materia sen superar, para eles deseñaranse actividades de reforzo e recuperación para que poidan preparar a Proba da convocatoria Extraordinaria. Esta Proba terá unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado de 2º de Bacharelato coa materia de Historia do mundo contemporáneo de 1ºBac pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación. O profesor/a entregará unha fotocopia da Presentación da materia pendente, que recollerá os contidos, a temporalización das tarefas, o procedemento Avaliación,... dito documento-Presentación de materia pendente Historia do mundo contemporáneo de 1ºBac- estará tamén aloxado na Páxina Web IES As Telleiras.

Os/as alumnos/as deberán xustificar o dominio dos contidos correspondentes a esta materia por medio da realización de dúas Probas escritas parciais. O alumno/a será guiado regularmente polo/a profesor/a, o que permitirá facer un seguimento do seu traballo e aclarar as dúbidas que se lle presenten. En cada sesión de Avaliación farase o seguimento da recuperación e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda.

A materia quedará superada:

- Aprobando ambos parciais (é dicir, obtendo unha cualificación mínima de 5 puntos en cada un deles).
- Obtendo unha cualificación  $\geq$  5 na media aritmética das cualificacións dos parciais.

Nota: (Nota 1ºParcial + Nota 2º Parcial) / 2.

Aqueles alumnos/as que non aprobasen a materia deste xeito poderán realizar unha Proba escrita final na que entrarán todos os contidos traballados. No caso de non aprobar a materia nesa Proba final, terán a posibilidade de examinarse de novo de toda a materia na Proba da Convocatoria Extraordinaria.

Estas probas terán unha estrutura idéntica ás probas escritas realizadas durante o curso:

- Unha primeira parte será de carácter teórico e consistirá na definición precisa de conceptos históricos, resposta a

preguntas curtas, desenvolvemento de temas relacionados coa materia.

- Unha segunda parte será de carácter máis práctico e poderá constar dun comentario guiado dun documento histórico (texto, mapa, gráfico, imaxe,...) por medio de cuestións referidas ao mesmo, elaboración de esquemas, cadros comparativos...

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, na que se indica que, en coordinación co profesorado titor e o Departamento de Orientación, deseñárase unha Avaliación Inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado.

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe por trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo, por condicións persoais ou de historia escolar,... estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

De ser necesario, elaborárase a adaptación curricular do alumnado que a precise en colaboración co Departamento de Orientación; e o noso Departamento levará a cabo as medidas recollidas nesa adaptación que lle correspondan.

Así mesmo, estableceranse as medidas oportunas para os alumnos/as con dificultades específicas de aprendizaxe por TDAH/TDA, tales como adaptación de instrumentos e, e de ser o caso, tempos e apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado. De igual xeito, buscarase a localización máis idónea na aula, de forma que estean sentados cerca da mesa do profesor/a e, na medida do posible, ao lado de compañeiros/as que lle sirvan de referente de tranquilidade, de orde e axuda.

Ao longo do curso e, segundo a evolución e necesidades concretas de cada alumno/a, poderanse levar a cabo as medidas que consideremos necesarias para o correcto desenvolvemento da atención á diversidade.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e Empresarial		X						X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X		X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores		X			X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero		X		X		X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.8 - Creatividade		X			X	X	X	X

### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita pois, o alumnado vai ter que empregar en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa, realice propostas para levar a cabo os traballos de aula e/ou emitir propostas que enriquezan o clima da aula

Importante na materia de Historia será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia, promoveranse os debates ordenados nos que se cumpran as normas de respecto e a tolerancia polas opinións contrarias que, en definitiva, conlevan a unha actitude cívica e a asunción dos valores constitucionais e democráticos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións e museos	Actividade complementaria	X	X	X
Asistencia a charlas	Actividade complementaria	X	X	X
Excursións de interese didáctico	Actividade complementaria	X	X	X
Roteiros didácticos	Actividade complementaria	X	X	X
Proxección de cine de interese para a materia	Actividade complementaria	X	X	X
Asistencia a representacións teatrais	Actividade complementaria	X	X	X

### Observacións:

O Departamento acóllese á posibilidade de realizar algunha actividade programada polo Concello de Narón que se axuste ao temario da materia.

Entendemos que todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado, así como a saír da rutina. Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada.
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
A temporalización foi adecuada.
Os criterios de cualificación foron axustados.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
As actividades foron variadas e motivadoras.
Empregáronse diferentes instrumentos de Avaliación.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Realizouse a avaliación inicial.

### Descrición:

Cada trimestre os membros do Departamento reflexionarán sobre a Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente. Os criterios de análise e os indicadores de logro utilizados versarán sobre a Programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación), o desenvolvemento da mesma (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos...) e a Avaliación (Avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación...).

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará o seguimento da Programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de Avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita Programación resulte máis real, aplicable e operativa.

A Programación avaliarase a través do documento Avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente que todos os membros do Departamento cobren e que é obxecto de reflexión nas reunións de Departamento posteriores e nas CCP. Nel establécense os criterios de análise e os indicadores de logro.

Os criterios utilizados polos Departamentos Didácticos do IES As Telleiras para avaliar a Programación son os seguintes:

- 1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de Avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de Avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Os indicadores de logro para estes aspectos fan referencia ao éxito académico acadado polo alumnado (porcentaxe de aprobados). Establécese en BACHARELATO un 50%. Cando se considere que a Programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións para ter en conta na elaboración da Programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da Programación Didáctica.

Se o grao de desenvolvemento da Programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

Toda esta información será valorada polos membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da Programación (masificación das aulas, clima da aula, aproveitamento dos recursos, dificultades engadidas para atender á diversidade, perda de sesións de clase, etc.). De todo isto se elaborará un informe detallado nas actas do Departamento.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora que fosen necesarias poñer en práctica nos cursos sucesivos, procurando ir axustando a Programación á temporalidade e á realidade.

## 9. Outros apartados